

Indicadores cuantitativos para guiar futuros estudos e medir o impacto das intervencións públicas

Traballo non remunerado

1. Mulleres con dedicación exclusiva ás labores do fogar, segundo posición de parentesco, número de menores, nivel de ingresos, zona de residencia (rural / urbano) e grupo de idade.
2. Tempo de traballo non remunerado segundo sexo, zona de residencia (rural / urbano), grupos de idade, anos de estudo, categoría ocupacional (cruzar con tipo de fogar e presenza de menores)
3. Distribución de horas semanais dedicadas por sexo e coidado de menores de 15 anos, maiores de 74 anos e persoas con discapacidade.
4. Tempo de traballo non remunerado segundo sexo, condición de actividade, zona de residencia (rural / urbano), grupo de idade, anos de estudo, categoría ocupacional (cruzar con tipo de fogar e presenza de menores)
5. Persoas inactivas segundo sexo que non buscan emprego por razóns familiares
6. Redución de xornada por coidado de fillos/as segundo sexo e por outros motivos familiares
7. Prestacións de maternidade e prestación de paternidade
8. Excedencia por coidado de fillos/as e por coidado de familiares segundo sexo

Actividades sociais, culturais, deportivas e de lecer

9. Tempo promedio dedicado a actividades, culturais, de participación social e política, de voluntariado social, socio-comunitarias (en centros autoxestionados ou de ámbito municipal) de deporte saúde e deporte regrado á semana segundo sexo, grupo de idade, nivel de estudos e zona residencial (urbano / rural)

Recursos municipais de atención ás persoas dependentes

10. Alumnado matriculado en educación infantil sobre o total de nenos/as dese grupo de idade
11. Alumnado usuario de servizos de comedor e gardería antes do horario de apertura
12. Servizos e prazas de atención á primeira infancia
13. Prazas municipais en centros de día
14. Servizos e prazas de axuda a domicilio na cidade

Futuras liñas de investigación

1. Considérase fundamental analizar a desigualdade no acceso e no uso dos espazos públicos a nivel municipal, que garda íntima relación coas oportunidades de corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Neste sentido, propónse unha liña de investigación dende unha óptica integral das desigualdades nos usos dos tempos e dos espazos, coa intención de valorar o déficit de desenvolvemento das mulleres nos planos persoal, familiar e laboral; atendendo particularmente ao que acontece nos tempos libres e de lecer.
2. Tamén se valora a incorporación dun enfoque centrado no decrecemento en relación aos usos do tempo locais.